



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE RIBADEO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO INTEGRAL "PRETO DE TÍ" NO EXERCICIO 2025

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, entre elas, a ordenación, a planificación, a innovación estratéxica dos recursos sociosanitarios e a coordinación e a avaliación da súa actividade asistencial. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

O obxecto do presente convenio é o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do proxecto integral "Preto de Tí", de cara á realización de actividades dirixidas ás persoas maiores residentes no Concello de Ribadeo, que se desenvolverá nos centros das distintas parroquias do concello.

Trátase dun proxecto para promover o envellecemento activo coa participación activa, loitar contra a soidade non desexada, e eliminar os estereotipos existentes en relación ás persoas maiores residentes no Concello de Ribadeo a través de actividades psicosociais, culturais, físicas e lúdicas.





As actividades constitutivas do proxecto obxecto da concesión da subvención, desenvolveranse dentro do ámbito territorial do Concello de Ribadeo, onde as persoas maiores demandan servizos nas súas parroquias de orixe, a onde se poden desprazar a pé e lles permite ser autónomas para poder participar nelas coa finalidade de fomentar o envellecemento activo, a loita contra a soidade non desexada, a interacción, inclusión e participación de persoas maiores, mediante a realización de actividades socioeducativas e de ocio.

Os obxectivos específicos do proxecto son os seguintes:

- a) Promover as relacións interpersoais e interxeracionais co obxecto de dinamizar a vida das persoas usuarias así como dos espazos socioculturais das parroquias de Ribadeo.
- b) Fortalecer, entre as persoas usuarias, o sentimento de pertenza ao pobo, á comunidade, así como favorecer o coñecemento da contorna e as relacións entre persoas usuarias de diferentes parroquias.
- c) Potenciar as capacidades creativas a través de actividades coas que se manteña viva a memoria do pobo, a lingua, os coñecementos adquiridos e se poñan en común as vivencias experimentadas ao longo dos anos.
- d) Ofertar un ocio saudable e activo dirixido a reducir o sedentarismo e incorporar hábitos de vida saudable.
- e) Promover a adquisición de novos coñecementos co obxecto de manter e desenvolver as capacidades cognitivas e o crecemento persoal.
- f) Impulsar accións formativas, culturais e de desenvolvemento persoal, que eviten o illamento das persoas e favorezan a súa integración social.
- g) Ofertar actividades que melloren a autoestima e minoren a percepción de soidade.
- h) Fomentar actividades coas que se mellore a condición física e psíquica das persoas usuarias.
- i) Axudar na conciliación familiar tendo como propósito o apoio ou respiro a aquelas familias que teñan persoas maiores ao seu cargo, propoñendo alternativas de ocio e espazos para toda a familia mantendo sempre as medidas de hixiene e seguridade recollidas na normativa vixente en cada momento.

As actividades que se propoñen para este proxecto integral "Preto de Ti" son as seguintes:

**a) Actividades lúdico-recreativas e psicosociais:**

- Actuacións grupais orientadas ao fortalecemento de lazos entre as persoas participantes ao tempo que se lles proporcionan ferramentas para a resolución de conflitos.
- Campionatos de xogos de mesa entre os que os destacan, os xogos de baralla como a brisca e o tute, o dominó, o xogo do "uno" e o scrabel.
- Celebración de días especiais sinalados polo concello, como o Nadal, o Samaín, o Entroido e Ribadeo Indiano entre outros.
- Actividades interxeracionais e desenvolvemento da actividade "Imos Andar".
- Recuperación de xogos populares e tradicionais.





- Práctica de técnicas de relaxación e control da ansiedade.
- Obradoiros de recoñecemento e xestión de emocións.
- Obradoiros de memoria.

#### **b) Actividades lúdico- culturais:**

Estas actividades divídense en catro actuacións:

##### **1º Saídas:**

Excursión cultural a Oviedo para 115 persoas aproximadamente, incluíndo o desprazamento en bus, o almorzo e unha visita guiada ao Teatro Campoamor.

##### **2º Música e danza:**

Obradoiros de música e danza levados a cabo polo músico Mano Panforreteiro no seu proxecto Argadelo co que se pretende achegar a música e a danza ás persoas participantes mediante a práctica de distintos instrumentos musicais nas parroquias de Ribadeo. O dito obradoiro desenvolverase de xaneiro a xullo, unha vez á semana cunha hora e media de duración.

##### **3º Ximnasia:**

Actividades de ximnasia de mantemento e psicomotricidade para persoas maiores de Ribadeo, que terán lugar un día á semana cunha duración dunha hora e quince minutos.

##### **4º Teatro:**

Representacións teatrais da man do grupo Adala, de Fazouro, e o grupo Villarino de Foz. Levaranse a cabo os sábados, de xaneiro a decembro, de xeito rotativo nas distintas parroquias de Ribadeo.

##### **5º Xuntanza de entroido:**

Para este ano 2025 está prevista unha xuntanza coas persoas participantes do programa coa finalidade de celebrar o entroido e fortalecer os lazos da veciñanza, creando un ambiente de fraternidade e evitando a soidade a través dunha actividade festiva e inclusiva compartindo momentos alegres e disfrutando da gastronomía local e tan tradicional en Galicia.

A metodoloxía do Proxecto "Preto de Ti" a empregar é participativa, onde as e os protagonistas e beneficiarias/os son as/os veciñas/os do Concello de Ribadeo. Esta veciñanza participaría en todas as fases do proxecto, dende a organización, e a preparación ata a posta en marcha das actividades, mediante como xa dixemos a orientación de todo o proxecto entorno ás/aos usuarias/os, daráselles información sobre posíbeis actividades, e recolleranse as súas demandas.

Esta proposta fai posible a participación de persoas na vida social e cultural do concello, fornecendo e dinamizando ademais as relacións interpersoais, dentro de cada barrio e mesmo entre barrios e parroquias.

Este proxecto de dinamización promoverá especialmente a participación daquelas persoas maiores (recordamos que un porcentaxe importante da poboación de Ribadeo supera os 65 anos) que non teñen unha ocupación e dispoñen de tempo libre.

En todas as actividades que se leven á práctica dentro deste proxecto seguirase unha metodoloxía baseada nos seguintes principios:





1. Activa. As e os participantes nas distintas actividades serán protagonistas das mesmas, non meros observadores/as, a súa implicación no desenvolvemento das actuacións postas en práctica será fundamental para acadar uns resultados positivos.
2. Participativa. Buscase a colaboración e participación de todas as persoas, institucións e organismos do concello que poidan ser beneficiarias do proxecto, directa ou indirectamente.
3. Orixinal e dinámica. Procurarase deseñar un proxecto diferente e creativo que sexa de interese para o colectivo da terceira idade.
4. Adaptada. Teranse en conta as necesidades e demandas detectadas, así como as características propias da colectivo de maiores do concello.
5. Flexible. O proxecto estará en continua retroalimentación, de tal forma que permita a súa continua modificación e cambio para acoller as posibles novas situación que vaian xurdindo (dispoñibilidade das persoas participantes, uso das instalacións, ...).

Tendo en conta o abano de posibilidades que se abre ao falar de dinamización sociocultural, e valorando as características específicas da poboación, do entorno e dos recursos dispoñibles, faranse esa variada batería de actividades.

Os centros nos que se impartirían as actividades e a estimación da participación son os seguintes:

- Escola de Obe . N° participantes :11
- Escola de Vilaframil. N° participantes:19
- Escola de Cinxe. N° participantes :20
- Escola de Rinlo. N° participantes: 14
- Escola de Santalla N° participantes : 8
- Escola de Vilaselán. N° participantes: 28
- Ribadeo. N° participantes: 31
- Escola das Anzas. N° participantes: 13
- Escola de Remouelle. N° participantes:13
- Escola de Vilela. N° participantes:15
- Escola de couxela. N° participantes: 3

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a contía de **oitenta e dous mil cincocentos cincuenta e seis con corenta e cinco euros (82.556,45 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.05.312E.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. Este financiamento terá vixencia desde o momento da sinatura do convenio e ata o 31 de decembro de 2025, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2025.

O carácter singular que motiva a concesión dunha subvención directa a través do presente convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do proxecto a subvencionar radica na cobertura de servizos sociais públicos actuais. O envellecemento progresivo da poboación, aínda que se enmarca dentro dun proceso global, é unha realidade palpable no concello. Con este proxecto contribuírase ao impulso de políticas





de envellecemento activo mediante a realización de actividades que teñen como finalidade mellorar a calidade de vida das veciñas e veciños maiores do concello permitindo que as persoas sigan sans e activas, evitando o deterioro físico e cognitivo, o illamento e a exclusión social.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, é debido á particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este proxecto que é o Concello de Ribadeo, na realización de actividades e visitas cos usuarios do Asilo, que polo seu peche, se viron obrigados a marchar a Burela e a cidade de Lugo, para non perder o arraigo coa familia, veciños e o seu entorno en Ribadeo durante a execución das obras do asilo ata a súa reapertura, prevista para finais do 2025.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

